

Moodle



[Dominio Público](#)

Moodle é un xestor de contidos para eLearning, isto é, unha aplicación web que permite crear e xestionar de xeito sinxelo, un aula virtual para a impartición de cursos online.

Neste curso explicarase o uso desta ferramenta para a **creación e xestión avanzada dun curso** na plataforma Moodle.

Lembrede que é importante saber ónde está un en cada momento, así temos como profesores:

The screenshot shows a Moodle course page for 'PFFP.- Moodle:creación e xestión avanzada de cursos'. The browser address bar is 'edu.xunta.gal/centros/iescastrodauz/aulavirtual2/course/view.php?id=165'. The user is logged in as 'Profesor Proba (Salir)'. The page has a breadcrumb trail: 'Páxina principal > Os meus cursos > Informática > Moodle'. A blue box highlights the 'Moodle' link in the breadcrumb and the 'Moodle' link in the left sidebar under 'Curso actual'. A blue arrow points from this box to a text box: 'Tanto a barra de navegación como o bloque, indicánnos onde estamos'. Another blue box highlights the 'Activar edición' button in the top right, with an arrow pointing to a text box: 'Esta é a PÁXINA PRINCIPAL DUN CURSO para un profesor. Presenta: - Bloque de administración do curso - Botón de activación para a edición'. The main content area includes a Moodle logo, a description of the course organized into modules, and a list of activities: 'Recursos', 'Tarefas', 'Debate e consulta', 'Notificacións e consultas xerais', and 'Recursos globais'. A calendar for November 2019 and a 'CLAVE DE ACTIVIDADES' are also visible.

Curso: PFFP.- Moodle:creación e xestión avanzada de cursos

edu.xunta.gal/centros/iescastrodauz/aulavirtual2/course/view.php?id=165

Estás identificado como Profesor Proba (Salir)

Páxina principal > Os meus cursos > Informática > Moodle

Activar edición

PFFP.- Moodle:creación e xestión avanzada de cursos

NAVEGACIÓN

Páxina principal

- A miña área persoal
- Páxinas do sitio
- Meu perfil
- Curso actual
 - Moodle**
 - Os meus cursos

ADMINISTRACIÓN

- Administración do curso
 - Activar edición
 - Editar a configuración
 - Completado de cursos
 - Usuarios
 - Filtros
 - Informes
 - Qualificacións
 - Resultados
 - Distincións
 - Copia de seguranza
 - Restaurar
 - Importar
 - Restablecer
 - Banco da pregunta
 - Mudar o papel para...
 - Configuración do meu perfil

O curso organízase en Módulos cós seguintes espazos organizativos:

- Contidos: recolle a teoría do módulo onde se explican os procedementos que usaremos nas tarefas.
- Debate e consulta: có foro do módulo para plantexar dúbidas sobre contidos e tarefas.
- Recursos: recolle distintos tipos de recursos para reforzar a aprendizaxe, a teoría en pdf e páxinas web de interese.
- Tarefas: neste apartado se inclúen as TAREFAS OBRIGATORIAS que ten que desenvolver o docente para acadar o obxectivo do PFFP.

Notificacións e consultas xerais

- Foro de novas e consultas xerais

Recursos globais

- Descargas exeLearning
- INTEF: Espacio de apoio TIC

CALENDARIO

Novembro 2019

Jun	mar	abr	may	jun	ago	set
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

CLAVE DE ACTIVIDADES

- Agochar actividades globais
- Agochar actividades de curso
- Agochar actividades do grupo
- Agochar actividades do usuario

Instalación do Moodle

Administración da aula virtual

Aula virtual

edu.xunta.gal/centros/iescastrodauz/aulavirtual2/

AV Estás identificado como Profesor Proba (Saír)

Aula virtual

NAVEGACIÓN

- Página principal
 - A miña área persoal
 - Páxinas do sitio
 - Meu perfil
- Os meus cursos
 - Moodle

ADMINISTRACIÓN

- Configuración do meu perfil
 - Editar o perfil
 - Cambiar contrasinal
 - Mensaxería
 - Blogs
 - Distincións

USUARIOS CONECTADOS

(últimos 5 minutos)

- Profesor Proba
- May Senra Martul

O bloque de administración é diferente para cada rol (profesor, administrador,...) Cando estamos na páxina principal NON vemos o bloque de administración dun curso

Este bloque vai nos permitir movernos dunha páxina ou curso a outro

Cursos Aquí imos ver os nosos cursos

Expandir todos

- ▶ **Electrónica**
- ▶ **Informática**
- ▶ **Administrativo**
- ▶ **Lingua e literatura galega**
- ▶ **Historia**
- ▶ **PFAC-Redes sociais e a práctica docente.**
- ▶ **Actividades culturais**
- ▶ **física e química**
- ▶ **Matemáticas**
- ▶ **Filosofía**
- ▶ **Educación Plástica e Visual**
- ▶ **Tecnoloxía**
- ▶ **Bioloxía e Xeoloxía**

CALENDARIO

Novembro 2019

lun	mar	mér	xov	ven	sáb	dom
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

MENSAXES

Non hai mensaxes agardando Mensaxes

Estas son as categorías nas que se organizan os cursos desta aula virtual

Buscar en cursos: Ir

Esta é a PÁXINA PRINCIPAL dun usuario que non sexa administrador.

Estás identificado como Profesor Proba (Saír)

moodle

Precoñecemento

Experiencia a nivel de usuario en manexo de aplicacións web


Aula virtual Vs Curso


Objetivos

- Diferenciar a xestión de usuarios na aula virtual e nun curso
- Diferenciar permisos e roles na aula virtual e nun curso

O Moodle proporciona varios **niveis de administración**:

- A **administración do sitio ou aula virtual**, permite a xestión dos recursos dentro da aula virtual: configuración do sitio web (logo, contidos da páxina de inicio,...), xestión de cursos da aula virtual, etc. Estas funcións son **competencia dos administradores/as** da aula virtual.
- A **administración dun curso**, permite a xestión dos recursos dese curso concreto: xestión dos usuarios matriculados nese curso, a súa configuración, etc. Estas funcións son **competencia dos xestores/as e profesores/as** do curso.







Xestión de cursos

A **xestión de cursos** lévase a cabo en dous niveis, a nivel de aula virtual e a nivel de curso.

- A **alta e baixa do curso na aula virtual**, así como a súa configuración por defecto, **competencia dos administradores/as** do sitio, lévase a cabo no bloque de Administración do sitio en Cursos. É *imprescindible a alta do curso e a matriculación do docente para comezar a traballar cun curso*.
- A **creación, configuración personalizada e xestión de usuarios, recursos, actividades, informes e copias de seguranza, competencia do docente** do curso, lévase a cabo no bloque de Administración do curso.



Licenza: Dominio público




Licenza: Dominio público


Xestión de usuarios

A **xestión de usuarios** faise en dous niveis, a nivel de aula virtual e a nivel de curso. **Para que un usuario poida participar nun curso** é necesario levar a cabo os seguintes pasos nesta orde exacta:

1. A **alta do usuario na aula virtual, competencia dos administradores/as** do sitio, lévese a cabo no bloque de Administración do sitio en Usuarios/Contas. É *imprescindible a alta para poder matricular a un usuario* nun curso, xa sexa no rol de profesor ou de estudante.
2. A **matriculación de usuarios** nun curso específico, **competencia do xestor ou do docente** do curso, lévese a cabo no bloque de Administración do curso en Usuarios/Usuarios matriculados.



[Licenza: Dominio público](#)



[Licenza: Dominio público](#)

Permisos e roles

Os **roles** representan o papel que xoga un usuario na aula virtual ou nun curso. Os principais son:

- **A nivel de sitio** ou aula virtual: administrador e usuario.
- **A nivel de curso**: xestor, profesor, profesor sen permiso de edición e estudante.


En función do seu rol, unha persoa ten uns permisos ou outros. Os **permisos** permiten realizar unhas accións determinadas (administrar un curso, administrar o sitio, facer tarefas dun curso, ...) e acceder a uns recursos concretos (bloque de administración dun curso, bloque de administración do sitio,...).

Nun curso:


- Os **roles dos participantes** asígnanse canda súa matriculación, **competencia do docente**. No caso de que o profesor/a non fixera a matriculación, non podería modificar os roles do alumnado a posteriori.
- Os **permisos**, veñen asignados na configuración por defecto do curso, **competencia do administrador/a** do sitio, e só pode modificalos o xestor do curso ou administrador/a do sitio. *Pero poden ser consultados polo profesor/a do curso.*

Na aula virtual ou sitio:

- O **rol** por defecto é o de usuario. É **competencia do administrador/a** do sitio cambiar o rol dun usuarios por administrador/a do sitio.
- A **xestión de permisos**, **competencia do administrador/a**, lévase a cabo no bloque de Administración do sitio en Usuarios/Permisos.



[Licenza: Dominio público](#)



[Licenza: Dominio público](#)